

AMES

COMO O QUEREMOS / ♥



Temos un futuro moi brillante por diante e dígoo con orgullo: non hai nada como vivir en Ames

Blas quiere un concello que ofrezca oportunidades para os máis novos pero que non se esqueza dos maiores

Blas García consolídase como o **alcalde de todos os amesáns** logo dun mandato de goberno marcado pola estabilidade e as melloras no rural e nos núcleos urbanos. "A nosa misión é seguir traballando para mellorlle a vida aos veciños e veciñas de Ames". Pese ás dificultades derivadas da pandemia e da inflación neste mandato, Ames segue avanzando con paso firme. Na actualidade,

Ames conta con **mellores servizos públicos, máis empresas e menos paro, e continúa a crecer en termos de poboación**. "Ames é hoxe unha referencia en Galicia. E debemos seguir traballando xuntos para que siga sendo así. O futuro do noso concello depende de todos. Temos un futuro moi brillante por diante e dígoo con orgullo: non hai nada como vivir en Ames."



UN CONCELLO DE REFERENCIA



coñecendo a **BLAS**



1. Cal foi a túa primeira vocación?

O xornalismo

2. O mellor consello que che deron

Miña nai sempre di que a mellor herdanza que se lle pode deixar a un fillo é a honradez

3. Que é o mellor de ser alcalde?

Poder coñecer aos veciños e veciñas de Ames e intentar solucionar os problemas que teñen

4. E o peor?

O tempo que non lle adico á miña familia e chegar a casa sen poder solucionar algúns problemas da veciñanza

5. Tres palabras que te definen

Diálogo. Traballo. Dispoñibilidade

6. Que fas para desconectar cando chegas a casa?

Gústame ir pasear mentres escoito música

7. Que é o que te motiva para seguir como alcalde?

Ser o alcalde de todas e todos os amesáns e seguir traballando por un futuro mellor para Ames

«O ALCALDE DE TODOS»



UN CONCELLO DE REFERENCIA

PREMIO NACIONAL DE CALIDADE DE CIDADES SAUDABLES

SAÚDE

216

NOVAS EMPRESAS DENE QUE GOBERNAMOS

SOMOS O CONCELLO +NOVO DE GALICIA

REFERENCIA GALEGA E ESPAÑOLA EN MATERIA DE CONCILIACIÓN

**B
L
a
s**

**2
0
2
3**

«AMES TEN A OPORTUNIDADE DE SEGUIR CRECENDO E AVANZANDO»

Por que decides presentarte á alcaldía de Ames?

Vexo en Ames un potencial enorme para consolidarse como un municipio referente en Galicia e aspiro a seguir gobernando o municipio como o alcalde de todas e todos os amesáns.

Para iso é imprescindible darlle continuidade ao traballo iniciado por este Goberno. E iso só o pode garantir o Partido Socialista.

Neste mandato observamos inversións moi importantes no rural. Cales son os retos futuros que se deberían acometer nos próximos anos?

Realizáronse moitos proxectos nas zonas rurais de Ames (mellora da seguridade, pavimentación dos núcleos, renovación do alumbeado público, sendas verdes...), pero aínda quedan cousas por facer. Este ano licitamos o proxecto de saneamento e abastecemento para a parroquia de Lens por case 800.000€. A nosa liña de traballo pretende seguir avanzando nesta tarefa e que todas as parroquias conten con saneamento e abastecemento. Do mesmo xeito, seguiremos colaborando coas empresas de telecomunicación para levar a fibra a todos os lugares do concello. Traballamos para que vivir no rural sexa igual de cómodo que vivir en Bertamiráns ou no Milladoiro.

Cando se fala de conciliación pénsase normalmente nos nenos e nenas. Que proxecto tes para as persoas maiores?

Como alcalde, sempre busco o benestar dos veciños e veciñas. Hoxe en día, o noso concello conta con servizos de conciliación que son toda unha referencia en Galicia e en España.



O alcalde Blas recibe no seu despacho aos escolares do CEP de Ventín

Pero iso non debe deternos. Debemos avanzar agora no coidado dos nosos maiores e ofrecerlles en Ames lugares onde poidan recibir servizos de primeira calidade. Dende hai uns meses vimos traballando co arxobispado para conseguir a cesión duns terreos e crear un centro de día para atender as necesidades das persoas maiores do rural. O proxecto consistiría en transformar a Casa Rectoral de Cruxeiras e darlle un novo uso social, para o beneficio da veciñanza. Os coidados dos nosos maiores son unha prioridade para os gobernos socialistas.

Como observas o futuro de Ames?

O presente ven definido pola estabilidade e gobernos con experiencia na xestión. Iso permitiunos crecer nestes últimos anos. Polo tanto, eu observo o futuro con optimismo porque temos unhas bases sólidas coas que afrontar os próximos retos.

Ames ten a oportunidade de seguir crecendo e avanzando. Debemos seguir potenciando aquelas políticas que tanto interese xeran noutras partes de Galicia, como os comedores escolares, por exemplo. Nós non temos só un plan para catro anos, senón unha visión a longo prazo do noso concello. Cremos en Ames e no seu potencial. E entre todos conseguiremos o Ames que queremos.

FEITOS



DESCUBRE TODAS AS
ACTUACIÓNS FEITAS
2019-2023



Carril bici da Condomiña, Ortoño



Interiores de Rúa (Piñeiro) e Firmistáns (Bugallido)



Melloramos a seguridade viaria das nosas veciñas e veciños, especialmente preto de núcleos e zonas polas que sabemos que pasan habitualmente.

Neste mandato destinamos unha inversión histórica para mellorar os accesos e os interiores dos núcleos. E seguiremos traballando para que sexan máis atractivos e cómodos para a veciñanza. É o noso compromiso co rural.



Bosque do Peregrino, Covas



Parque da Condomiña, Ortoño



Carballeira de Ventín, Biduído

Realizamos melloras en diversos parques infantís do rural e abrimos novos espazos verdes como a Carballeira dos Tragos, en Ventín, ou o Bosque do Peregrino, en Ventosa, cun mirador ao Val da Maía.

Continuamos traballando para seguir estendendo a rede de saneamento e abastecemento en todas as parroquias que non dispoñen destes servizos.



Saneamento en Suevos, Trasmonte



Recollida de pluviais en Biduído de Abaixo



Avanzando cara unha mobilidade sostible que priorice as persoas

A **humanización da N-550** ao seu paso polo Milladoiro é unha reivindicación histórica da cidadanía e dos comerciantes da localidade para crear un espazo agradable onde vivir e potenciar o pequeno comercio. Xa se deron pasos importantes para priorizar a vida dos cidadáns co desvío de vehículos pesados, que supoñían o paso dun total de 100.000 camiións ao ano polo centro do Milladoiro. Agora é o momento de seguir avanzando e mellorando a calidade de vida dos veciños e veciñas cun entorno sostible e seguro.



Centro Multifuncional de lecer, cultura e promoción económica

Potenciamos un espazo de carácter social e cultural para a xuventude que contará con aparcamento.



Novos equipamentos deportivos

Ampliamos as instalacións deportivas no Milladoiro con pistas de pádel e skate.



Apertura dun novo colexio

Despois de moito traballo, xa está en marcha o proxecto do novo CEIP do Milladoiro con capacidade para 450 estudantes.



Parques infantís e novas zonas verdes


Os nosos nenos e nenas necesitan entornos seguros e naturais para xogar. Os adultos, zonas verdes para pasear.

BERTAMIRÁNS


Unha vila de presente e de futuro

A **Améndoa Central** forma parte dunha estratexia municipal que pretende recuperar o protagonismo dos cidadáns nas nosas vilas, favorecendo percorridos seguros e outorgándolle a Bertamirás continuidade e cohesión. Ademais deste novo entorno, creárase un espazo de aparcamento público.

Para potenciar a economía local, presentamos unha moderna **Praza de Abastos** nun edificio que contará con paneis solares no teito para xerar enerxía e mellorar a eficiencia. O mercado municipal, situado no espazo da Casa Barbazán será a referencia comarcal dos mellores produtos locais da zona.



CUMPRIMOS




«Blas García busca fondos para una pista cubierta de atletismo referente en Galicia»

El Correo Gallego

«Ames perfila un plan de empleo para 612 personas en sectores con alta demanda en la comarca»

La Voz de Galicia



«Ames crea por fin una línea de autobús de Milladoiro a Bertamiráns. Los vecinos de las aldeas tendrán un servicio a la carta»

El Correo Gallego



«Ames: lo que gana un Ayuntamiento que invierte en educación»

El País



«Blas García solicita a la Xunta la ampliación del centro de salud de Bertamiráns»

La Voz de Galicia



«Comienzan las obras que dotarán a Milladoiro de una residencia para mayores»

El Correo Gallego

«Ames invirtió este año 946.000€ en abastecimiento y saneamiento»

La Voz de Galicia

«Insólito: los cinco últimos plenos de Ames, aprobados por unanimidad»

El Correo Gallego



«Blas García e Feijóo reúnen para tratar a evolución de proyectos en Ames»

Revista AMSGO!

CONCILIACIÓN



3.169

nenos e nenas beneficiáronse en 2023 dos programas de conciliación postos en marcha polo Concello de Ames. Ademais, na actualidade contamos con dúas cociñas que proporcionan a alimentación ao alumnado dos centros educativos, tanto pola mañá (Bos Días Cole), a mediodía (Comedores), como despois da clase (Tardes Divertidas). Para favorecer a conciliación das familias de Ames, tamén existen programas para os períodos non lectivos como o Nadal Lúdico, a Escola de Verán ou o Entroido lúdico.

CULTURA

Co fin da pandemia, en Ames volveu florecer a cultura para todas as idades. Festivais de maxia, de cinema infantil, contacontos, presentacións de libros, filmes a través do ciclo Mestre Mateo, poesía, e moita música ao vivo. A cultura transpórtanos a un mundo único; fainos viaxar, descubrir e soñar. Impulsar a nosa cultura sempre é unha boa inversión.



DEPORTE



Ames non se pode entender sen o deporte. Dende o Concello promovemos a actividade deportiva a través das escolas municipais cunha ampla e variada oferta (fútbol, ballet, natación, patinaxe, tenis, baloncesto, voleibol, judo, squash, xadrez, ximnasia rítmica...).



Ademais de colaborar cos clubs do noso municipio, dende o Concello sempre estamos dispostos a albergar competicións de primeiro nivel. Neste ano 2023, por exemplo, O Milladoiro formou parte do recorrido da volta ciclista O Gran Camiño.



EMPREGO



Fomentar o emprego e a actividade económica dende o eido municipal é posible. Xunto co Concello de Brión, realizamos diversos obradoiros de emprego, tanto no sector forestal como no campo das enerxías renovables.

Consolidamos o espazo de co-working A Proa, onde xa están en desenvolvemento 30 proxectos de emprendedores/as amesás. Agora, tras un convenio firmado coa Deputación da Coruña, tamén impulsaremos o talento galego audiovisual.

SAÚDE

Medio millar de persoas maiores do noso concello disfrutaron das actividades saudables a través do programa "AMESAN". Baile, música-terapia, decoración, restauración, música tradicional galega, estimulación cognitiva, ou ximnasia terapéutica son algunhas das actividades nas que poden participar.

A promoción da saúde complementácese coa Feira da Saúde e o Benestar e o programa "SaúdeAndo", unhas andainas en grupo abertas a toda os veciños e veciñas.



MEDIOAMBIENTE



O respecto polo medioambiente, a loita contra o cambio climático, e a produción sostible son temas prioritarios do noso tempo. A través da Aula da Natureza fomentamos o coñecemento entre a veciñanza sobre os nosos recursos naturais e a problemática medioambiental.

Unha prioridade deste goberno é estar preparado contra os lumes forestais. Por iso, co plan de actuación posto en marcha, repoboamos con +5.000 árbores frondosas caducifolias (castiñeiros, freixos, abeleiras, cerdeiras, bidueiros...) as faixas de seguridade.



CANDIDATURA



1. José Blas García Piñeiro
(Ortoño)



2. Susana Señorís Rodríguez
(Bertamiráns)



3. Víctor Manuel Fernández Prieto
(O Milladoiro)



4. Ana Belén Paz García
(Ames)



5. Gustavo Nieto Santiago
(Bugallido)



6. Uxía García Otero
(Trasmonte)



7. Javier Antelo Seoane
(Piñeiro)



8. Carmen Porto Rey
(Tapia)



9. Beatriz Martínez Domínguez
(O Milladoiro)



10. Ramón Bouzas Capeáns
(Ortoño)



11. Beatriz Vázquez Pérez
(Bertamiráns)



12. José Pazos Balsa
(A Ameixenda)

MAIO 2023



13. Inés Olmo González
(O Milladoiro)



14. Carlos Trías Sánchez
(Bugallido)



15. María Carmen Lemos González
(Covas)



16. Santiago Márquez Noya
(Bugallido)



17. Elisa Suárez Vázquez
(Agrón)



18. Anton Rivas Seijas
(Bertamiráns)



19. Tereresa Facal Castro
(Ortoño)



20. María Isabel González Cancela
(O Milladoiro)



21. Francisco Villaverde Marcos
(Ames)



S.1. Jesús Carrera Vázquez
(Ortoño)



S.2. Ofelia Mayo Romarís
(Trasmonte)



S.3. José Pose Souto
(Covas)



S.4. María Torre París
(O Milladoiro)

AMES

COMO O QUEREMOS



BLAs
2023



SocialistasdeAmes 

@socialistasdeames 

@SocialistasAmes 